



GRUPO MUNICIPAL
A POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL

15 SET. 2017

Entrada n.º: 4672

Saída n.º:

Xosé Manuel Casal Sabín, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa ás compras e contratos da administración local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasados máis de dous anos de acción do actual goberno municipal moitas das cousas que nun primeiro momento podíanse achacar a impericia ou inexperiencia, hoxe en día xa é claro que forman parte do modo de operar do goberno municipal. Unha delas é a falta de transparencia e información a respecto dos contratos e compras que realiza o concello, así como irregularidades e desaxustes a hora de desenvolverlos que habitualmente son sinalados polo Interventor municipal que pon reparos a eses procedementos e que finalmente son levantados, os reparos, polo Alcalde.

Hai que sinalar que a normativa é moi clara ao respecto de diversos asuntos que neste concello se están a obviar. Compras e contratos que non sexan de obra superiores a 18.000 € teñen que pasar polo pleno municipal, cousa que non está a acontecer. Do mesmo xeito, diversos contratos ou servizos teñen que saír a concurso público e as bases ser aprobadas en pleno, como reiteradamente sinala o Interventor municipal. E xa non é que no se leven ao pleno as bases, e que nin se sacan a concurso público, e eses contratos e servizos son asignados directamente baixo o único criterio do goberno municipal. Tampouco hai a posteriori información sobre a necesidade dos contratos, criterios de escollo, termos dos contratos, etc.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

O goberno municipal axustarase á normativa vixente e ás recomendacións do servizo de intervención municipal á hora de realizar compras, contratar ou prorrogar calquera tipo de elemento ou servizo. De igual xeito informará adecuadamente de todos estes asuntos á Corporación Municipal e ao conxunto da cidadanía a través dos mecanismos que marca a normativa vixente.

A Pobra do Caramiñal, 15 de setembro de 2017.

Asdo.: Xosé Manuel Casal Sabín,
Concelleiro do G. M. do BNG-AA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL.